

ESCRITA DE MULLER

A literatura galega, hoxe é adulta. Alcanzou xa un certo grado de madurez. A nosa lírica, que tradicionalmente foi o xénero mellor tratado, atravesa por un dos mais brillantes momentos. O galego está presente noutros xéneros: o teatro, o conto, o ensaio, a novela...

A medida que nos liberamos da dependencia colonial non só económica senón mentalmente, a lingua galega invade outros campos culturais: a filosofía, as matemáticas, as ciencias naturais, etc...

A lingua xa non é rural. Hoxe xa non son as labregas e os mariñeiros os únicos que a manteñen viva. A tendencia ruralista da nosa literatura e da nosa lingua é menos progresista que nunca.

Certamente hai intereses de que siga sendo así. Da mesma maneira que se quixo encerrar a Rosalia na imaxe da chorona, da sofrida, da folklórica, cando as análises máis recentes nos demostran que foi o contrario, tamén se quere reducir literariamente o galego a un mundo caduco, sensiblero, onde predominan orden arcaicas non só na sociedade que pretenden reflexar senón nas propias estruturas lingüísticas e no léxico simplón.

Mesmo así, temos que constatar un excelente nivel de lingua no momento actual. As melloras conseguidas neste senso na última década son moi positivas.

Este panorama vese enriquecido pola abundante aportación das mulleres, por unha escrita de muller.

As mulleres estiveron sempre presentes na literatura galega. Xa na Literatura Medieval, aínda que non hai mulleres compositoras encontramos a cultura das mulleres nas cantigas de amigo, onde están reflexados os nosos sentimentos. As cantigas de amigo son mitos de profundísima interpretación. As mulleres tecen un simbolismo sexual e toman a iniciativa amorosa. As cantigas de amigo representan a búsqueda da feminidade.

Nos séculos escuros tampouco faltou unha muller que recordara o uso literario da lingua: a condesa de Altamira.

O Rexurdimento do XIX ten nome de muller. Rosalia de Castro. Rosalia denuncia xa as dificultades que as mulleres teñen para acceder ao mundo da arte e da literatura, patrimonio masculino. E, de facelo, é superando as críticas e embates, a obriga de limitarmonos aos temas "adecuados", á imaxe "feminina" que os homes crearon e as mulleres debemos imitar. "Daquelas que cantan as pombas... Dixo Rosalia, pondo o dedo na chaga. Foron moitas as leccións que nos deu Rosalía, e non foi a menor a súa propia vida, o seu asumirse como muller.

Dado o desprestixio ao que é sometida toda obra feminina, as mulleres temos moi desenrolado o medo ao ridículo. Nos tempos de Rosalia moitas escritoras trataron de ocultarse tras dos ropaxes e dos nomes masculinos: George Sand, George Eliot, Fernand Caballero. Rosalia non se disfrazou, nen imitou aos homes. Escrebeu con independencia de criterios e sentimentos, o cal lle acarreeu as críticas dos seus contemporáneos. Ela mesmo foi consciente ao dicir: "Todavía non lle está permitido as mulleres escribir o que pensan e o que saben".

Algunhas escritoras posteriores a Rosalia teñen adoptado unha poética "feminina" tradicional. Pensemos en Francisca Herrera Garrido ou nas mais actuais, Pura e Dora Vázquez. Pero en xeneral as mulleres representan mais ben unha postura de ruptura, un adiantarse ao seu tempo.

Nos anos 60 hai xa un aumento da participación das galegas na poesía. Xoana Torres, Luz Pozo Garza, M.^a Carmen Krukemberg, Anxeles Penas, Margarita Ledo Andión, etc. Na novela, ademais da miña aportación á Nova Narrativa con "A orella no buraco", hai a importante mostra do realismo dialéctico de "Adiós María" de Xoana Torres, autora que tamén se inicia no xénero dramático con dúas outras teatrais.

Carmen Blanco na súa análise certa (I) fala deste momento como de Literatura de Igualdade. As escritoras equipáranse aos seus compañeiros no que facer literario. O cal non exclúe, por suposto, os rasgos femininos desta literatura. O intimismo, o aspecto existencial a secreta relación coa natureza están presentes nas obras desta época.

A partir dos anos 70, ademais dunha incorporación masiva das mulleres á literatura de vangarda, hai unha presenza da escrita da diferenza. As escritoras independízanse. Falan en nome propio. Hai un protagonismo de personaxes femininos e unha ruptura das formas lingüísticas. Ademais deste aspecto derivado do feminismo da diferenza, hai certos rasgos comúns nas escritoras: O galeguismo: O apego a terra con bases científicas e non só mentes intuitivas ou folklóricas.

A formación: Seren na maioría mulleres universitarias.

A lingua: Alto coñecemento lingüístico: Moitas profesionais do Ensino...

Este aspecto é previsible que cambie non só mentes intuitivas ou folklóricas. Este aspecto é previsible que cambie non só mentes intuitivas ou folklóricas. Este aspecto é previsible que cambie non só mentes intuitivas ou folklóricas.

Na espera xa empezamos a festa. "A festa da Palabra Silenciada" a revista feita polas mulleres galegas demostra que xa nos permitimos as mulleres escribir o que sentimos e o que sabemos.

(I) "Sobre o comportamento literario das mulleres". GRIAL n.º 88-1985.

MARIA-XOSÉ QUEIZÁN (Vigo, 1939). Mora na mesma. Profesora de Língua e literatura galegas. Activista do feminismo.

Novela e conto: A orella no buraco, Amancia, in Rev. Grial... Ensaio: A muller en Galiza, Recuperemos as mans, A nova narrativa galega.

Poeta, autora, directora e intérprete teatral e guionista de cine.